



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DA PROPOSTA DE INVESTIGACIÓN "XESTIÓN SUSTENTABLE E BAIXO UN ENFOQUE ECOSITÉMICO DOS STOCKS DE POLIQUETOS DE INTERESE COMERCIAL EN GALICIA: VALORIZACIÓN DO RECURSO E AVANCE NO COÑECEMENTO DA SÚA BIOLOXÍA E ECOLOXÍA. POLYCHAETA".

En Santiago de Compostela, 29 de maio de 2023.

INTERVEÑEN

Dunha parte, Susana Rodríguez Carballo, directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, en nome e representación da Consellería do Mar (no sucesivo CM), actuando en exercicio da competencia que ten delegada en virtude do disposto na Orde do 21 de febreiro de 2022 sobre delegación de competencias en diversos órganos de dirección da Consellería do Mar e na Presidencia da entidade pública empresarial Portos de Galicia (DOG núm. 41 do 1 de marzo de 2022).

E, doutra parte, Julio Ernesto Abalde Alonso, Reitor magnífico, en nome e en representación da Universidade da Coruña (no sucesivo UDC), de acordo co Decreto 5/2020, de 9 de xaneiro, polo que se procede ao seu nomeamento (DOG de 13 de xaneiro de 2020), con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude do establecido no artigo 50 da Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario (BOE do 23 de marzo de 2023), e no artigo 36 dos Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados polo Decreto 101/2004, de 13 de maio, da Xunta de Galicia (DOG do 26 de maio de 2004).

Os intervenientes, que actúan en razón dos seus respectivos cargos, recoñécense, mutua e reciprocamente, a capacidade legal necesaria e a competencia suficiente para a formalización do presente convenio e, no seu mérito,

EXPOÑEN

1.- Que o Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, de 15 de maio, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), establece no seu artigo 6 as prioridades da Unión Europea para contribuír á estratexia Europa 2020 e á aplicación da política pesqueira común, en relación cos obxectivos temáticos enumerados no artigo 9 do Regulamento (UE) n.º 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro, polo que se establecen disposicións comúns para os fondos. Neste sentido, o obxectivo temático 6 consiste en *"conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos"*. Por outro lado, a prioridade 1 do artigo 6 do citado Regulamento (UE) n.º 508/2014 menciona *"fomentar a pesca sustentable dende un punto de vista ambiental, eficiente no uso dos recursos, innovadora, competitiva e baseada no coñecemento"*.

O artigo 28 do citado Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, de 15 de maio, relativo ás asociacións entre o sector da investigación e o sector pesqueiro, establece que, co fin de promover a transferencia de coñecemento entre o sector da investigación e o sector pesqueiro, o Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) poderá conceder axudas, tanto á creación de redes ou asociacións, como ás actividades que se desenvolvan no seu marco, que poderán incluír a recollida de datos e actividades de xestión, estudos, proxectos piloto, difusión de coñecementos e resultados de investigacións, seminarios e boas prácticas, así como accións encamiñadas á creación de redes, acordos de asociación ou asociacións entre un ou varios organismos científicos independentes e o sector pesqueiro, nos que poderán participar os organismos técnicos.

Por Orde do 27 de xuño de 2022, créase a Rede entre o sector pesqueiro e os organismos científicos da Comunidade Autónoma de Galicia ("a Rede"), co obxectivo de promover o intercambio e a transferencia de coñecemento entre os organismos científicos, o sector e a administración pesqueira de Galicia. A mencionada Rede dispón dunha dotación orzamentaria de 2.500.000 € para os anos 2022 e 2023, para a execución das citadas actuacións. O dito importe está cofinanciado nun 75% polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP).

2.- Que a Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación ("Lei da Ciencia"), no seu artigo 34.1, establece que os axentes públicos do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, incluídas as Universidades públicas, os Organismos Públicos de Investigación da Administración Xeral do Estado, os organismos de investigación doutras Administracións Públicas, e os centros e institucións do Sistema Nacional de Saúde, poderán subscribir convenios suxeitos ao dereito administrativo.

Así mesmo, dito artigo 34.1 prevé que poderán celebrar estes convenios os propios axentes públicos entre si, ou con axentes privados que realicen actividades de investigación científica e técnica, nacionais, supranacionais ou estranxeiros, para a realización conxunta das seguintes actividades: proxectos e actuacións de investigación científica, desenvolvemento e innovación; creación ou financiación de centros, institutos e unidades de investigación; financiación de proxectos científico-técnicos singulares; formación de persoal científico e técnico; divulgación científica e tecnolóxica e uso compartido de inmoables, de instalacións e de medios materiais para o desenvolvemento de actividades de investigación científica, desenvolvemento e innovación. Particularmente, as letras a) e d) do artigo citado son aplicables ao presente convenio posto que o obxecto do mesmo se refire a un proxecto de investigación científica, desenvolvemento e innovación, así como á formación de persoal científico-técnico.

3.- Que a Universidade da Coruña é unha entidade de dereito público dotada de personalidade xurídica e patrimonio propios para a consecución dos seus fins e o desenvolvemento das súas funcións, que goza de autonomía de acordo co artigo 27.10 da Constitución Española e a Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e que teñen como fins prioritarios o fomento da investigación e a innovación, así como a transferencia á sociedade. Para o mellor cumprimento dos seus fins, a UDC manterá relacións con centros de investigación e con institucións culturais e sociais, e impulsará a celebración de convenios de investigación con entidades e organismos públicos e privados, así como de contratos para a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico.

4.- Que o “Servizo de Planificación”, como órgano de apoio da “Subdirección Xeral de Investigación e Apoio Científico-Técnico”, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten atribuídas as competencias específicas indicadas no artigo 12.2.4.2 do Decreto 50/2021, de 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da “Consellería do Mar”, entre as que se encontra a xestión de actuacións en materia de estudo, avaliación ou seguimento dos recursos mariños naturais e da actividade pesqueira, marisqueira e da acuicultura.

5.- Que a CM, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, e a UDC desexan establecer unha colaboración para, dunha parte, realizar unha diagnose que permita propoñer melloras na valorización das especies de poliquetos autóctonas empregadas como cebo e, doutra parte, obter información biolóxica e ecolóxica sobre as dúas especies de poliquetos con maior peso no sector en Galicia que garanta a súa explotación sustentable e baixo un enfoque ecosistémico. Os obxectivos e tarefas do presente convenio atópanse aliñados coa Prioridade 1, do Reto 1 da Estratexia de Especialización Intelixente RIS3 Galicia 2021 – 2027, en concreto co ámbito de intervención: *“Mellora, preservación, xestión sustentable, e posta en valor da biodiversidade”*. Ademais, ambas partes entenden que a súa colaboración promove, dentro do ámbito da actividade pesqueira, un triplo obxectivo de sostibilidade: ambiental, social e económica, en liña cos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (concretamente, o Obxectivo 14), no marco da Axenda 2030 e do Pacto Verde Europeo.

Os obxectivos e tarefas do presente convenio foron propostos e aceptados na reunión ordinaria da Rede celebrada o día 24 de marzo de 2023, coa finalidade de dispoñer duns datos de calidade que poidan ser utilizados por tódolos integrantes da Rede.

6.- Que, en atención a todo o exposto, estímase necesaria e xustificada a subscrición dun convenio que supoña a posta en común, distribución e utilización conxunta e/ou coordinada de medios, servizos e recursos pertencentes a cada unha das entidades participantes e a súa ordenación para un fin compartido, baixo as premisas de interdisciplinariedade e eficiencia na xestión dos recursos.

Por todo o anteriormente exposto, as partes formalizan a subscrición do presente convenio para instrumentar xuridicamente a colaboración referida, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre a CM, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, e a UDC para a realización de actividades conxuntas que, dunha parte, permitan propoñer melloras na valorización das especies de poliquetos autóctonas empregadas como cebo e, doutra parte, permitan obter información biolóxica e ecolóxica sobre as dúas especies de poliquetos con maior peso no sector en Galicia que garanta a súa explotación sustentable e baixo un enfoque ecosistémico.



En particular, o convenio regula os compromisos das partes para a execución conxunta das mencionadas actuacións, incluíndo a organización do traballo, a xestión e xustificación da realización das mesmas, os dereitos e obrigas das partes, a distribución dos fondos e a titularidade dos resultados, así como a responsabilidade e a resolución dos posibles conflitos.

Segunda.- Tarefas a realizar

No marco da colaboración das partes, no presente convenio desenvolveranse as seguintes actividades e tarefas (ver Anexo I):

Actividade 1: Estudo dos patróns de explotación, distribución e comercialización, e uso dos poliquetos en Galicia.

- Tarefa 1.1. Estudo dos patróns de explotación de poliquetos en Galicia.
- Tarefa 1.2. Estudo dos patróns de distribución e comercialización de poliquetos en Galicia.
- Tarefa 1.3. Estudo dos patróns de uso de poliquetos en Galicia.

Actividade 2: Proposta de melloras na valorización do cebo autóctono.

- Tarefa 2.1. Organización dun seminario de transferencia de coñecemento con axentes do sector produtivo e comercial.
- Tarefa 2.2. Propostas de valorización.

Actividade 3: Estudo prospectivo de distribución de *Diopatra* spp. na costa de Galicia.

- Tarefa 3.1. Recollida das mostras.
- Tarefa 3.2. Estudo morfolóxico e identificación.
- Tarefa 3.3. Confirmación molecular da identidade taxonómica.

Actividade 4: Estudo de distintos aspectos ecolóxicos de *Diopatra neapolitana* que contribúan á avaliación da saúde global do ecosistema mariño e que, por tanto, se poidan empregar como indicadores ecolóxicos na xestión pesqueira.

- Tarefa 4.1. Descrición da diversidade biolóxica asociada a *D. neapolitana*.
- Tarefa 4.2. Descrición da calidade do hábitat.



- Tarefa 4.3. Estudo das interaccións tróficas de *D. neapolitana*.

Actividade 5: Estudo dos aspectos da bioloxía reprodutiva de *Scoletoma laurentiana* relevantes para unha xestión racional e sustentable das súas poboacións.

- Tarefa 5.1. Estudo do ciclo reprodutivo de *S. laurentiana* nunha localidade situada na costa norte de Galicia.
- Tarefa 5.2. Estudo do ciclo reprodutivo de *S. laurentiana* nunha localidade situada na costa sur de Galicia.
- Tarefa 5.3. Comparación do ciclo reprodutivo de *S. laurentiana* na costa norte e sur de Galicia e posible relación coas variables ambientais.

Terceira.- Compromisos das partes

As partes comprométense a realizar as actuacións necesarias para o cumprimento do obxecto do convenio.

Así mesmo, as partes asumen as seguintes obrigas xerais:

- Participar nas actividades de colaboración organizadas no marco do convenio.
- Entregarse mutuamente, servíndose se fose preciso do mecanismo de seguimento establecido na cláusula cuarta, calquera información necesaria para o correcto desenvolvemento das diferentes actividades, feito, problema ou atraso que puidera afectar adversamente ao desenvolvemento do convenio. Así mesmo, as partes proporcionarán sen demora toda a información que o mecanismo de seguimento requira razoablemente para levar a cabo as súas tarefas.
- Garantir a protección dos resultados da investigación e promover a difusión que, no seu caso, proceda, de acordo co establecido na cláusula sexta.
- Darlle a adecuada publicidade ao carácter público do financiamento do investimento realizado onde figurará o emblema da Unión con expresa mención á participación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), nos termos establecidos no artigo 115 e anexo XII do Regulamento (UE) nº 1303/2013 e do capítulo II do Regulamento (UE) nº 821/2014, de acordo co indicado no Regulamento de Execución (UE) 763/2014 da Comisión.

O beneficiario debe recoñecer que a operación recibiu o apoio dos fondos, adoptando en todas as seguintes medidas de información e comunicación:

- a) O emblema da Unión, de conformidade coas características técnicas establecidas no Regulamento de Execución (UE) nº 821/2014.
 - b) Unha referencia ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) que apoia a operación.
 - c) O logotipo da Consellería do Mar.
- Someterse ás actuacións de verificación, así coma ás actuacións de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación cos fondos aplicados, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ás da autoridade de xestión e, de ser o caso, dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo, e facilitar tanta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.



Actuación cofinanciada polo FEMP nun 75%. P.O. español 2014ES14MFOP001 [Prioridade 1 - OE1.e] - medida 1.5.2]. OIG: D.X. Desenvolvemento Pesqueiro

- Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas ou calquera outra instancia autonómica, estatal ou comunitaria de control, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control do destino dos fondos aplicados e facilitar a inspección e control dos órganos da Consellería do Mar e a Universidade da Coruña co fin de supervisar o cumprimento das actividades do convenio.
- Manter un sistema de contabilidade separado ou un código de contabilidade apropiado que proporcione un rexistro de auditoría adecuado en relación con tódolos gastos correspondentes aos investimentos realizados en virtude deste convenio, e conservar a documentación xustificativa relativa a súa financiación.
- Custodiar e conservar a documentación da actividade financiada polo FEMP de conformidade co artigo 140 do Regulamento (UE) n.º 1303/2013, do 17 de decembro, o artigo 82 do Regulamento (UE) 2021/1060, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns, e o artigo 132 do Regulamento (UE, EURATOM) 2018/1046, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión. Neste sentido, deberanse conservar os documentos xustificativos e demais documentación relativa ao financiamento durante un período de cinco anos a partir do 31 de decembro do ano en que se realizou o último pago.
- De acordo co Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia, tódalas entidades deberán aplicar e esixir medidas antifraude, así como cubrir as oportunas declaracións de ausencia de conflito de interese. Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan constituír fraude ou irregularidade en relación cos proxectos financiados con cargo a fondos da Unión Europea, como é o caso de este convenio, poderán poñelos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral da Administración do Estado, nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, do citado servizo, a través da ligazón habilitada na páxina web: <https://www.conselleriadefacenda.gal/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>.

Sen prexuízo disto, tamén poderá utilizar a ligazón de denuncias sobre irregularidades ou condutas fraudulentas que terá a súa sede no Sistema Integrado de Atención ao Cidadán (SIACI): <https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias>

Cuarta.- Responsables das tarefas e Comisión mixta de seguimento

As persoas responsables da execución técnica e da coordinación das actividades obxecto do presente convenio serán: por parte da UDC, Lucía Couceiro López, profesora Axudante Doutora na área de Zooloxía do Departamento de Bioloxía e, por parte da CM, a persoa que ostenta a xefatura do Servizo de Planificación.

Constituirase unha comisión mixta para o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio que asegure o bo fin e cumprimento do mesmo. Así mesmo, responsabilizarase da planificación e control das accións necesarias para o desenvolvemento do convenio e dos compromisos adquiridos polas partes como consecuencia do seu cumprimento a



través de actuacións concretas. Esta comisión reunirase a solicitude das partes asinantes, e terá a seguinte composición:

Por parte da CM, serán membros: a Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro e a persoa titular da xefatura do Servizo de Planificación.

Por parte da UDC, serán membros: o Vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia.

A asistencia ás reunións que celebre a comisión terá carácter delegable en persoas pertencentes á mesma entidade da que delegue. Así mesmo, poderán asistir ás mesmas, con voz e sen voto, aquelas persoas que sexan requiridas en función da súa experiencia ou profesionalidade e por razón da materia concreta que se vaia a tratar.

No seo da presente comisión de seguimento, as partes informaranse da marcha dos traballos realizados mediante a emisión de informes anuais con independencia doutros informes puntuais que poidan ser requiridos por algunha das partes ao longo do ano. Así mesmo, realizarán un informe final trala finalización do convenio, con antelación suficiente para realizar as xustificacións en prazo ante a autoridade de xestión do FEMP.

As partes conservarán tódolos rexistros que xustifiquen os gastos realizados durante un mínimo de 5 anos dende a percepción do último pagamento e, se é preciso, proporcionarán tódolos documentos necesarios para un control ou unha auditoría realizada polas autoridades competentes.

A falta de normas propias, a comisión mixta de seguimento rexerase polo establecido para os órganos colexiados na Sección III, Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Quinta.- Réxime económico

A CM chegará á finalidade deste convenio a cantidade de 41.265,54 €, que se financiará con cargo á partida orzamentaria 15 03 723 A 6401 (C.P. 2016 00276) dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia (2023).

A UDC, con cargo á citada financiación, realizará os gastos necesarios para o cumprimento das actuacións previstas neste convenio.

A aplicación dos fondos realizarase integramente no ano 2023.

O importe a abonar pola CM á UDC non incluírá o IVE, pois a cantidade non é en concepto de contraprestación directa e equivalente ás actividades que se realizarán, senón que estas carecen de onerosidade ao teren como finalidade contribuír á consecución do obxecto común e aos fins do presente convenio establecidos na cláusula primeira. Neste sentido, a ausencia de onerosidade do

obxecto, fins e actuacións é clara e patente á luz dos preceptos contidos no artigo 4.1 (suxeición das entregas de bens e prestacións ao imposto) da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido.

As cantidades indicadas faranse efectivas mediante transferencia bancaria na conta aberta ao nome da UDC que esta indique e certifique (indicando no concepto da transferencia o acrónimo ou código identificativo que acorden), e previa conformidade do ordenante.

A dita conformidade realizarase unha vez completadas as actividades obxecto deste convenio e previa presentación á Consellería do Mar da seguinte documentación xustificativa antes da finalización do mes de outubro de 2023:

1. Memoria de execución das actividades deste convenio, con indicación detallada das actuacións realizadas e dos resultados obtidos, na que deberá incluír unha relación das persoas/entidades que participaron nas mesmas e unha descrición específica das actividades realizadas por cada unha delas. A memoria incluírá a acreditación da publicidade realizada.
2. Memoria económica coa xustificación dos gastos incorridos. A memoria incluírá:
 - Unha relación detallada de gastos e pagamentos realizados.
 - Documentación acreditativa dos gastos consistente en facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Cando o beneficiario non dispoña de facturas electrónicas, deberá achegar unha copia en formato pdf dos documentos orixinais.
 - Documentación xustificativa do pagamento: copia de transferencias bancarias, certificados bancarios ou extractos bancarios, ou documentos obtidos a través de banca electrónica. Nestes documentos deberán estar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento, o número e o monto total da factura pagada.
 - En dita xustificación permitirase un transvase de fondos entre conceptos de ata un 20%.
1. Relación detallada doutros ingresos ou axudas que financiasen a actividade obxecto da transferencia, con indicación da súa contía e procedencia (declaración de axudas solicitadas ou outorgadas para o mesmo proxecto ou para as mesmas partidas de gastos, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional).
2. Indicación do lugar e do órgano de custodia da documentación acreditativa orixinal.

Sen prexuízo da documentación sinalada nos puntos anteriores, poderá ser requirida a achega dos datos, documentos complementarios e aclaracións que sexan necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

En todo caso, a xustificación axustarase ás esixencias da normativa da Unión Europea e nacional relativa ao FEMP.



Procederáse ao reintegro, total ou parcial, dos fondos recibidos e os intereses de demora devengados dende o momento do pagamento e até a data na que se acorde a procedencia do reintegro, no caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa obtención neste convenio.

Sexta.- Propiedade dos datos e difusión dos resultados e uso de signos distintivos

A CM e a UDC manterán confidencialidade sobre calquera información relativa aos resultados das actuacións realizadas ao amparo deste convenio, sempre que non sexan de dominio público, non desvelándoa de ningunha forma sen autorización expresa da outra parte e non utilizándoa para calquera outro propósito que non sexa o expresamente permitido polo presente convenio.

A propiedade e utilización científica dos datos obtidos a partir das experiencias desenvolvidas no proxecto e os resultados finais da investigación serán exercidas conxuntamente pola CM e pola UDC. Ambas partes, unha vez executadas as investigacións descritas no convenio, comprométese a intercambiar o material científico e os coñecementos obtidos.

Neste sentido, cando se realice calquera tipo de comunicación ou divulgación dos resultados, xa sexa parcial ou total, farase mención explícita ao feito de que os datos obtidos a partir das experiencias desenvolvidas e os resultados das análises son froito do presente convenio. Ademais, deberán aparecer os signos distintivos das partes nos soportes utilizados para a divulgación dos resultados, tendo en conta que a denominación legal e social das partes, as súas marcas rexistradas, logotipos e calquera signo distintivo son propiedade exclusiva de cada unha delas.

Por isto, a UDC autoriza á CM para que use o seu nome e/ou logotipo conforme á normativa de imaxe institucional aplicable, sempre que o uso que se vaia a realizar do mesmo se limite exclusivamente a indicar a relación establecida entre as institucións no presente convenio, polo tempo que esta dure, e no induza a confusión organizativa, comercial ou de aval científico entre aquela parte e a UDC nin o asocie a obxectivos ou actividades incompatibles cos principios e obxectivos da Administración Xeral do Estado, e sen que en ningún caso se lles confira dereito algún de exclusividade, nin permita a súa apropiación, mediante rexistro ou calquera outro procedemento. Calquera outro tipo de uso ou ante a dúbida razoable sobre a adecuación de uso ao expresado anteriormente, requirirase a autorización previa e expresa por escrito da UDC.

Igualmente, a CM autoriza á UDC para o uso do seu nome e/ou logotipo en termos equivalentes aos descritos no parágrafo anterior.

Ademais, as partes comprométese a adoptar as medidas en materia de información indicadas no artigo 119 do Regulamento (EU) nº 508/2014:

- *En tódalas medidas de información e comunicación recoñecerase o apoio dos fondos FEMP mediante a inclusión do emblema da Unión, unha referencia ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) que financia a actuación, incluíndo a porcentaxe e o logotipo da Xunta de Galicia.*

Durante a duración do convenio informarase do apoio dos fondos FEMP mediante unha breve descrición da operación no sitio web e colocando un cartel con información sobre as actuacións realizadas (tamaño mínimo A3).



Sétima.- Publicacións

Nas publicacións dos resultados das actuacións do convenio deberán respectarse os dereitos dos membros do equipo de investigación, en especial o dereito a ser designados como inventores ou autores.

Cando unha das partes desexa utilizar, en parte ou na súa totalidade, dita información para a súa publicación como artigo, conferencia ou outro formato, deberá solicitar a conformidade da outra parte por escrito que, á súa vez, deberá responder nun prazo máximo de trinta (30) días. Transcorrido dito prazo sen obter resposta, considerarase que a parte correspondente autoriza a utilización de dita información.

As publicacións deberán recoñecer e facer constar a participación de tódolos investigadores que interviñeron, así como a súa afiliación ás institucións das cales dependan. En calquera dos casos de difusión, farase sempre especial referencia ao organismo financiador.

No suposto de resultados susceptibles de protección, así como de explotación, as partes, nun prazo máximo de tres (3) meses a partir da súa obtención, comprométense a subscribir un documento no que se determinará a titularidade dos dereitos de propiedade industrial e as condicións da súa explotación.

En calquera caso, ambas entidades poderán facer uso dos coñecementos adquiridos durante a execución do convenio en actividades propias da súa función investigadora.

Oitava.- Modificación

As partes poderán modificar, por acordo mutuo, os termos do presente convenio, debendo quedar reflectido por escrito a través da subscrición dunha addenda dentro do período de vixencia do mesmo.

Novena.- Resolución do convenio e consecuencias en caso de incumprimento

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Serán causa de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.
- O acordo unánime de tódolos asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Calquera outra causa distinta das anteriores e prevista nas leis.

En caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes, a parte afectada convocará á comisión mixta de seguimento establecida na cláusula cuarta para os efectos da adopción das medidas necesarias para o seu cumprimento.



Se trala actuación da comisión mixta de seguimento persistira o incumprimento, a parte afectada poderá entender extinguido o convenio e exixir á incumpridora a indemnización por danos e prexuízos que legalmente lle corresponda.

Cando concorra algunha causa de resolución do convenio, si existen actuacións en curso de execución, poderase acordar, a proposta da comisión de seguimento, a continuación e finalización destas nun prazo improrrogable, transcorrido o cal o convenio deberá liquidarse. O dito prazo será fixado polas partes cando se resolva o convenio, de conformidade co previsto no artigo 52.3 da Lei de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Décima.- Réxime xurídico e resolución de conflitos

Este convenio ten natureza administrativa e queda sometido ao réxime xurídico en materia de convenios previsto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

As partes acordan que calquera diverxencia, discrepancia ou controversia que puidera xurdir relativa á interpretación ou execución do presente convenio, que non poida resolverse pola comisión mixta de seguimento indicada na cláusula cuarta, será sometida aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa.

Undécima.- Entrada en vigor e duración

Conforme establece o artigo 48.8 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, o convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes manifestado mediante a súa sinatura.

A vixencia do convenio comezará a contar dende o día seguinte ao da súa sinatura e finalizará o 31 de outubro de 2023, podendo prorrogarse expresamente e de mutuo acordo a través da subscrición dunha addenda con anterioridade á súa finalización, se as partes o consideran oportuno, de conformidade co disposto no artigo 49. h) da citada lei.

Duodécima.- Protección de datos

As partes comprométese a tratar os datos de carácter persoal a que, no seu caso, teñan acceso ou sexan obxecto de cesión no marco de aplicación do presente convenio, de conformidade co que dispón o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deses datos (Regulamento xeral de protección de datos), a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa aplicable en materia de protección de datos.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR



UNION EUROPEA
Fondo Europeo Marítimo
e de Pesca (FEMP)



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

*Actuación cofinanciada polo FEMP nun 75%. P.O. español 2014ES14MFOP001 [Prioridade 1 - OE1.e) - medida 1.5.2]. OIG: D.X.
Desenvolvemento Pesqueiro*

E en proba de conformidade, as partes subscriben electronicamente o presente convenio, constando como data do mesmo a correspondente á última sinatura realizada.

Pola Consellería do Mar

Pola Universidade da Coruña

Susana Rodríguez Carballo
Directora Xeral de Desenvolvemento
Pesqueiro

Julio Ernesto Abalde Alonso
Reitor Magnífico da Universidade da
Coruña

ANEXO I. ACTIVIDADES E TAREFAS A REALIZAR

ACTIVIDADE 1. ESTUDO DOS PATRÓNS DE EXPLOTACIÓN, DISTRIBUCIÓN E COMERCIALIZACIÓN, E USO DOS POLIQUETOS EN GALICIA

Tarefa 1.1. Estudo dos patróns de explotación de poliquetos en Galicia. Para a realización deste estudo levarase a cabo unha selección de confrarías de pescadores (ou organizacións/agrupacións de produtores) que abarquen, na medida do posible, as tres provincias costeiras da nosa comunidade. Primarán nesta selección aquelas confrarías que permitan cubrir os seguintes grupos de interese: i) confrarías que actualmente explotan algunha especie de poliqueto, ii) confrarías que no pasado explotaron algunha especie de poliqueto mais que actualmente non o fan e, finalmente, iii) confrarías que nunca explotaron especie algunha de poliqueto. Empregaranse técnicas propias da investigación social cualitativa. En concreto, deseñaranse entrevistas *semi-estruturadas* que serán realizadas a membros específicos das confrarías, diferenciando, a poder ser, entre xestores e produtores que pola súa experiencia teñan un adecuado coñecemento do recurso. As entrevistas versarán sobre a historia do recurso, a idoneidade ou non da súa explotación, as fortalezas e debilidades ou as oportunidades de futuro. Centrarémonos especialmente nos potenciais conflitos e incidencias que puideran existir no proceso de produción, ou mesmo de venda, tratando de identificar xa nesta primeira fase os principais comercializadores. Tamén trataremos de rescatar información sobre o proceso de distribución e intermediación. A selección para identificar o persoal adecuado farase inicialmente a través das asistencia técnicas das confrarías. Posteriormente, empregaremos a técnica de mostraxe *snowball sampling*, unha técnica non probabilística na que os individuos seleccionados inicialmente teñen a capacidade de 'recrutar' a novos participantes entre os seus coñecidos (Etikan et al., 2016). Priorizarase a realización de entrevistas de xeito presencial, aínda que tamén se contempla a posibilidade de facelas vía telefónica ou mesmo 'on line', no caso de atopar dificultades.

Tarefa 1.2. Estudo dos patróns de distribución e comercialización de poliquetos en Galicia. Co obxectivo de comprender o número de axentes comerciais e as distintas canles e procesos de distribución e comercialización das especies de poliquetos autóctonas, así como a importación e comercialización de especies exóticas, entrevistaranse distintos axentes comerciais do sector da distribución, intermediación e venda. Ao igual que na tarefa anterior (T1.1), as entrevistas serán a técnica empregada mais, neste caso, optarase por un tipo de entrevista aberta, en profundidade (Blasco-Hernández & García-Otero, 2008), para que o entrevistado non se sinta cohibido ante preguntas que poidan incomodalo, especialmente aquelas de índole económico. Priorizarase a realización de entrevistas de xeito presencial, aínda que tamén se contempla a posibilidade de facelas vía telefónica ou mesmo 'on line'. Por outra banda, esta tarefa procurará abarcar a diversidade de empresas que operan no sector (pequenas tendas locais, intermediarios menores, maioristas, ou grandes empresas distribuidoras).

Tarefa 1.3. Estudo dos patróns de uso de poliquetos en Galicia. Levaranse a cabo preferentemente enquisas vía telefónica, a pescadores de lecer, conforme as seguintes variables (na medida do posible):

- Rural-urbano:
 - Poboación >60.000 hab.
 - Poboación entre 60.000-30.000 hab.
 - Poboación entre 30.000-15.000 hab.
 - Poboación <15000 hab.
- Tipo de pescador:

Pescadores de lecer con licencia de embarcación a flote
Pescadores asociados a un club náutico
Pescadores de dársena (a pé)

Ditas enquisas estarán principalmente enfocadas a coñecer o tipo de cebo empregado, as razóns de dita elección, o lugar onde se abastecen de cebo, o destino do cebo sobranste ao rematar a xornada de pesca, percepcións na diferenciación do cebo se fora este local ou foráneo, percepción das especies exóticas, etc.

ACTIVIDADE 2. PROPOSTA DE MELLORAS NA VALORIZACIÓN DO CEBO AUTÓCTONO

Tarefa 2.1. Organización dun seminario de transferencia de coñecemento con axentes do sector produtivo e comercial. Organizarase un seminario ao que se invitarán actores do sector, tanto de Galicia como de fóra da comunidade, buscando xerar sinerxías, ideas e espazos de colaboración que redunden nunha mellora na valorización do cebo autóctono.

Tarefa 2.2. Propostas de valorización. En base aos resultados obtidos nas tarefas 1.1, 1.2, 1.3 e 2.1 realizaranse propostas de mellora na valorización do cebo autóctono.

ACTIVIDADE 3. ESTUDO PROSPECTIVO DE DISTRIBUCIÓN DE *DIOPATRA* SPP. NA COSTA DE GALICIA

Tarefa 3.1. Recollida das mostras. No ámbito territorial das confrarías galegas onde presumiblemente se explota *D. neapolitana* realizarase unha mostraxe prospectiva da presenza de individuos de *Diopatra* spp. e recollerase unha mostra significativa dos mesmos. Posto que se trata dunha especie tubícola, a recollida dos individuos efectuarase a pé mediante o método tradicional que utilizan os propios poliqueteiros, isto é, empregando unha solución salina que produce o abandono do tubo por parte do poliqueto. Ademais, tamén se anotarán as características do tubo no relativo a grao de ornamentación, orientación da apertura e elevación sobre o substrato (Wetthey & Woodin, 2008). Na medida do posible, intentarase que as mostraxes coincidan cos días de explotación dos poliqueteiros para estaren seguros de estudar os mesmos individuos que están sendo explotados.

Tarefa 3.2. Estudo morfolóxico e identificación. Os individuos recollidos na anterior tarefa serán identificados empregando os principais caracteres morfolóxicos reportados na literatura para este xénero (ver, por exemplo, Escobar-Ortega et al. 2022).

Tarefa 3.3. Confirmación molecular da identidade taxonómica. Unha submostraxe dos individuos identificados na Tarefa 3.2 serán estudados seguindo unha aproximación molecular co fin de confirmar a súa identidade (i.e. *barcoding approach*). Brevemente, o ADN total destes individuos será extraído empregando métodos convencionais e un fragmento do xene mitocondrial citocromo *c* oxidasa subunidade I (COI) será amplificado e secuenciado. É importante destacar que este fragmento do xene COI xa foi obtido en numerosas especies do xénero, incluíndo as rexistradas nas costas ibéricas, e, por tanto, a identidade dos cebadores e os protocolos de amplificación xa foron optimizados (e.g. Arias et al. 2016).

ACTIVIDADE 4. ESTUDO DE DISTINTOS ASPECTOS ECOLÓXICOS DE *DIOPATRA* NEAPOLITANA QUE CONTRIBÚAN Á AVALIACIÓN DA SAÚDE GLOBAL DO ECOSISTEMA MARIÑO E QUE, POR TANTO, SE POIDAN EMPREGAR COMO INDICADORES ECOLÓXICOS NA XESTIÓN DA PESQUEIRA

Tarefa 4.1. Descrición da diversidade biolóxica asociada a *D. neapolitana*. Para a consecución desta tarefa levaranse a cabo mostraxes bianuais (durante a primavera e o outono) en horario de marea baixa. Brevemente, establecerase un transecto de 50-100 m de lonxitude que será xeorreferenciado mediante GPS para poderen ser replicado. O transecto

discorrerá paralelo á costa dentro da franxa de distribución de *Diopatra* spp. Ao longo de dito transecto estudaranse cadrados de 0.25 m² separados regularmente por unha distancia de 1-5 m. En concreto, en cada un de ditos cadrados, determinarase a densidade de *D. neapolitana* a partir do número de tubos observados (Woodin et al. 2014, Casal et al. 2020) e rexistraranse *in situ* as principais especies macrobentónicas presentes nos primeiros cm de sedimento. Os taxons non identificables *in situ* serán transportados ao laboratorio para o seu posterior estudo. Tamén se prestará especial atención á presenza de especies exóticas invasoras. Con estes datos calcularanse distintas métricas de diversidade e as mesmas relacionaranse coa densidade do recurso.

Tarefa 4.2. Descrición da calidade do hábitat. Durante o desenvolvemento da tarefa 4.1 tamén se recollerán mostras do sedimento co obxectivo de analizar o seu contido en materia orgánica e granulometría, tanto na fracción de superficie coma na de profundidade. Estes datos serán empregados para cartografiar o hábitat en función das propiedades do sedimento. O seguimento destes parámetros contribuirá á avaliación da calidade ambiental costeira, xa que os cambios nas propiedades naturais dos sedimentos, causados por actividades como o marisqueo ou a restauración de praias, poden influír notablemente na distribución das especies e a diversidade das comunidades bentónicas, así como na produtividade de certos recursos bentónicos.

Tarefa 4.3. Estudo das interaccións tróficas de *D. neapolitana*. Realizarase un estudo preliminar para establecer as relacións clave entre depredadores e presas. Brevemente, en cada unha das dúas mostraxes indicadas nas tarefas 4.1 e 4.2, tamén se recollerán cinco individuos de *D. neapolitana* nos diferentes hábitats onde se observe a especie (p. ex. pradaria de *Zostera*, fondo areoso, fondo lmacento ou outros). Ditos individuos utilizaranse para levar a cabo unha análise isotópica de compostos específicos de aminoácidos (AA-CSIA) co fin de obter información sobre a súas fontes de nutrientes e posición trófica (Ishikawa, 2018).

ACTIVIDADE 5. ESTUDO DOS ASPECTOS DA BIOLOXÍA REPRODUTIVA DE *SCOLETOMA LAURENTIANA* RELEVANTES PARA UNHA XESTIÓN RACIONAL E SUSTENTABLE DAS SÚAS POBOACIÓNS

Tarefa 5.1. Estudo do ciclo reprodutivo de *S. laurentiana* nunha localidade situada na costa norte de Galicia. De maneira xeral seguiremos a metodoloxía empregada noutros estudos con similares obxectivos levados a cabo para esta (Gambi et al. 1994, Messina et al. 2005) e outras especies da Familia Lumbrineridae (McNulty & López 1969, Osman et al. 2010). Brevemente, recolleranse 40-60 individuos mensualmente durante un período dun ano. Antes da súa fixación, os individuos serán pesados e medidos (lonxitude total); ademais, o sexo será determinado de maneira provisoria en base á coloración observada (Messina et al. 2005 suxiren que a presenza de gametos no celoma dos individuos maduros desta especie, visibles por transparencia a través da parede corporal, outorga aos machos un aspecto leitoso namentres que ás femias lles confire unha coloración verdosa). Con posterioridade, tódolos individuos fixados serán parcialmente disecados co fin de determinar o seu sexo e, en ao menos 10 femias por mes, extraeranse aleatoriamente 50 ovocitos dos segmentos 50 a 75 para estimar o seu diámetro facendo uso do programa de análise de imaxe Nikon NIS-Elements. O ciclo de maduración da especie será deste xeito inferido a partir da evolución mensual do tamaño dos ovocitos; ademais, o número e temporalidade das postas será determinado en base á variación anual na porcentaxe de femias ovadas. Finalmente, tamén se determinará a fecundidade seleccionando unha decena de femias maduras durante o mes correspondente ao pico reprodutivo e estimando o número total de ovocitos presentes nas mesmas.

Tarefa 5.2. Estudo do ciclo reprodutivo de *S. laurentiana* nunha localidade situada na costa sur de Galicia. O procedemento detallado para a Tarefa 5.1 será replicado nunha poboación localizada na costa sur de Galicia.

Tarefa 5.3. Comparación do ciclo reprodutivo de *S. laurentiana* na costa norte e sur de Galicia e posible relación coas variables ambientais. As localidades obxecto de estudo nas Tarefas 5.1 e 5.2 serán caracterizadas dende o punto de vista das principais variables ambientais (p. ex. temperatura, salinidade, pH, osíxeno, condutividade, etc.) facendo uso das bases públicas de datos dispoñibles. A influencia de ditas variables ambientais no ciclo reprodutivo de *S. laurentiana* será investigada e as potenciais diferencias nos principais parámetros reprodutivos (e.g. proporción de sexos, temporalidade e duración da posta, fecundidade, etc.) serán confrontadas. Ademais, tamén se investigará o impacto doutras variables como a presión extractiva.

ANEXO II: ORZAMENTO Universidade da Coruña - Cláusula quinta: Réxime económico

CONCEPTO	ANO 2023	TOTAL
PERSOAL	27.952,89 €	27.952,89 €
CUSTOS INDIRECTOS (15% PERSOAL)	4.192,93 €	4.192,93 €
AXUDAS CUSTO PERSOAL	3.211,00 €	3.211,00 €
MATERIAL INVENTARIABLE	500,00 €	500,00 €
SERVIZOS EXTERNOS	2.508,72 €	2.508,72 €
ORGANIZACIÓN DE EVENTOS	2.900,00 €	2.900,00 €
TOTAL	41.265,54 €	41.265,54 €